

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE XUÑO DE 2020,  
POLA QUE SE ACORDA REALIZAR AS PROBAS  
PRESENCIAIS DAQUELES PROCESOS SELECTIVOS  
QUE SE ESTABAN DESENVOLVENDO ANTES DA  
DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA A PARTIR  
DO 1 DE SETEMBRO DE 2020.**

O 14 de marzo publicouse o Real Decreto 463/2020 (BOE nº 47 do 14 de marzo), polo que se declarou o estado de alarma, de aplicación en todo o estado, para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A disposición adicional terceira do devandito Real Decreto establece:

*“1. Suspéndense termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vivencia o presente real decreto ou, se é o caso, as prórrogas do mesmo.*

*2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.*

*4. A presente disposición non afectará os procedementos e resolucións a que fai referencia o punto primeiro, cando estes veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.”*

En aplicación da reflectida disposición, os procesos selectivos que se estaban desenvolvendo na Universidade de Vigo e tiñan pendentes de realizar algún ou algúns exercicios quedaron suspendidos.

A Resolución do Congreso dos Deputados do 20 de maio de 2020, (BOE nº 145 do 23 de maio), pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE nº 67 do 14 de marzo), establece no seu punto décimo: *“Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, derogarase a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, relativa á suspensión de prazos administrativos. Desde esa mesma data, o cómputo dos prazos que*

*fosen suspendidos renovarse ou reiniciarse, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas”.*

As singulares circunstancias descritas requiren darlle prioridade á protección da saúde do colectivo de empregados públicos e da cidadanía, así como a continuación dos procesos selectivos iniciados e a realización dos exercicios pendentes que non se puideron desenvolver pola situación de confinamento.

Coa finalidade de ofrecer unha maior seguridade e certeza tanto ás persoas aspirantes como ás integrantes dos órganos de selección, precisase dun prazo axeitado para a continuación dos procesos selectivos que se estaban a desenvolver antes da declaración do estado de alarma e para a realización das probas selectivas coas medidas establecidas polas autoridades sanitarias.

Con carácter xeral, as bases das convocatorias establecen os prazos máximos e mínimos en que deben desenvolverse as probas, unha vez iniciado o correspondente proceso selectivo. No anexo figuran os procesos selectivos iniciados pola Universidade de Vigo que teñen exercicios pendentes de realizarse, tanto aqueles xa fixados e obxecto de suspensión, como os pendentes de determinar. No momento en que se publica a declaración do estado de alarma, os prazos para a celebración dos ditos exercicios, atópanse parcialmente cumpridos, o que significa que a continuación dos prazos administrativos a partir do 1 de xuño de 2020 e a súa celebración inmediata para satisfacer os prazos legais podería poñer en risco a saúde dos aspirantes ao non respectar as recomendacións das autoridades sanitarias.

Neste escenario, considérase máis axeitado, pospoñer a celebración presencial das probas selectivas que se estaban a desenvolver antes da declaración do estado de alarma, de acordo coas recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias.

En calquera caso, a convocatoria dos exercicios, por parte dos diferentes tribunais, coñecerase como mínimo un mes antes da súa realización e os ditos exercicios non poderán celebrarse antes do 1 de setembro de 2020.

Á vista do exposto esta reitoría, en uso das competencias que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e os Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG do 22 de febreiro),

## RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** As probas presenciais daqueles procesos selectivos relacionados no anexo que se estaban desenvolvendo antes da declaración do estado de alarma, realizaranse a partir do 1 de setembro de 2020. Os diferentes tribunais anunciarán, cunha antelación mínima dun mes, a data de celebración dos exercicios pendentes.

**SEGUNDO.-** Anúlanse as notas informativas da xerencia do 15 de abril e a do 22 de maio do 2020, sobre os procesos selectivos de persoal de administración e servizos (PAS).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 15 de xuño de 2020

O reitor

ANEXO

**Procesos selectivos iniciados con exercicios pendentes.**

| Acceso     | Grupo | Corpo, escala ou categoría.                                       |
|------------|-------|---|
| A.L.       | A1    | Letrado/a.  |
| P.I.       | A2    | Promoción interna do grupo C1 ao A2.                              |
| A.L./ P.I. | I     | Técnica/o superior de I+D.  |
| P.I.       | I     | Técnica/o superior de igualdade.                                  |
| A.L.       | I     | Técnica/o superior de orientación e promoción do emprego.         |
| A.L.       | I     | Técnica/o superior de teledocencia.                               |
| A.L./ P.I. | I     | Técnica/o superior de tecnoloxías da información e comunicacións. |

A.L.: Acceso libre.

P.I.: Promoción interna.